

A DOUTRINA ECONÓMICA DE ALFREDO BRAÑAS (Catedrático de Economía Política e Facenda Pública da USC 1887-1900)

ANTÓN LOIS FERNÁNDEZ ÁLVAREZ

Prof. Dr. Universidade de Vigo

Recepción: 15 de junio de 2012

Aprobado por el Consejo de Redacción: 15 de julio de 2012

RESUMO: O presente artigo pretende delimitar a doutrina económica do profesor compostelán, analizando a influencia que os autores economistas tiveron na súa obra, así como aquela derivada do seu propio ideario relixioso e político e establecer así mesmo a repercusión do seu pensamento económico no tratado político rexionalista.

PALABRAS CHAVE: Alfredo Brañas, doutrina económica, rexionalismo, anticapitalismo.

RESUMEN: El presente artículo pretende delimitar la doctrina económica del profesor compostelano, analizando la influencia que los autores economistas tuvieron en su obra, así como aquella derivada de su propio ideario religioso y político, y establecer, asimismo, la repercusión de su pensamiento económico en el tratado político regionalista.

PALABRAS CLAVE: Alfredo Brañas, doctrina económica, regionalismo, anticapitalismo.

Alfredo Brañas foi e segue sendo un autor e un personaxe tremendamente polémico. Inculpado como independentista polos poderes políticos do seu tempo nun momento histórico onde estas ideas equivalían a secesionismo e este era considerado un delito maior¹ e, de xeito paradoxal, censurado como conservador e reaccionario polos rexionalistas de esquerdas, enalzado polos primeiros nacionalistas de principios do século XX e escollido, pola contra, finalmente, como paradigma do Estado autonómico polo pensamento demócrata cristián de Galicia nos nosos días. Este nimbo de controversia que sempre o perseguíu débese á excepcionalidade do seu pensamento e do seu carácter. Non houbo, na historia galega, ningún personaxe que defendera de xeito tan teimoso dúas ideas xeral e historicamente tan encontradas no noso panorama político como son un galeguismo anticoncentralista ata o extremo e un conservadorismo reaccionario. Precisamente foi este carácter reaccionario, oposto contundentemente cara todo o que soase a capitalismo, o que acabou por determinar a produción da súa teoría económica.

A carreira académica de Alfredo Brañas levouno a gañar a cátedra de *Economía Política e Facenda Pública*² da Universidade de Santiago de Compostela no ano 1887, cátedra que ocuparía ata a súa morte no 1900. Desde o seu retorno da Universidade de Oviedo no ano en que se ocupou da Área de Economía Política, Brañas comeza a revelar publicamente o seu pensamento político-doctrinal, defínese xa o seu rexionalismo católico e tradicionalista e inicia a infatigable obra cara a construción dunha teoría rexional galega de signo conservador, antiliberal e descentralizador. A difusión destas ideas artéllase a través de numerosas intervencións xornalísticas, pronunciamento de discursos, dos cales destaca sobre maneira o que inaugurou o curso académico 1892-1893 en Compostela³ e que lle reportou grande sona nos círculos rexionalistas tradicionais propios e alleos, actuando como membro esencial da

1 En 1893 foi expedentado por apoiar e participar activamente na Xunta de defensa de Galicia.

2 Se ben esta non era, en principio, a súa área de coñecemento vocacional. Así, por exemplo, di: "*Pero yo, no tanto por devoción cuanto por la naturaleza especial de mis estudios académicos y profesionales, me veo constringido a elegir un asunto de índole económica...*", no discurso inaugural do curso 1892/1893, *La crisis económica en la época presente y la descentralización regional*, imp. Paredes, Compostela 1892.

3 *La crisis económica en la época presente y la descentralización regional. Discurso de Apertura del Curso Académico 1892-1893*, Universidade Et Imprenta Paredes, Compostela, 1892. Pero tamén Discurso no banquete da Prensa de Santiago (1890), *El regionalismo en Galicia*. Conferencia en el Centro Gallego de Madrid (1893), Discurso de Sabadell de 16.05.1893, Discurso en el Circulo Católico de Obreros de El Ferrol (1899, reed. por MAIZ en *Alfredo Brañas. O ideario do rexionalismo católico-tradicionalista*, Editorial Galaxia, Vigo, 1983, p. 246) e o derradeiro *Peligros que amenazan a la sociedad en el siglo XX si se aparta del Cristianismo. Congreso Católico de Burgos de 1899* (reed. R. MAIZ, *Alfredo Brañas...*, ob. Cit, p. 261).

'Xunta de Defensa de Galicia' e do 'Comité Central Rexionalista'⁴ e, como máxima expresión do seu traballo, a edición en 1889 da súa obra principal: "*El Regionalismo*"⁵.

Sen embargo, a pesares da transcendencia das súas ideas no ámbito político, Brañas non descoidou nunca a súa labor académica, mergullándose e comprometéndose coa docencia da cátedra de *Economía Política e Facenda Pública*. O maxisterio desta disciplina reverterá fondamente na súa obra e pensamento político ó que dota dun acentuado contido económico, oposto a toda suxestión capitalista e sempre asentado nunha base cristiá.

Da súa faceta como estudoso da economía advírtese a grande formación e coñecemento dos expertos desta disciplina. Partindo dun entendemento pleno da noción de economía de mercado, Brañas elabora un particular programa económico que propón a volta ó sistema de produción do antigo réxime con hexemonía do corporativismo gremial e que coloca, coa inseparable coherencia que caracteriza toda a súa obra, dentro da teoría política anticentralista, constituíndo un dos asentamentos fundamentais desta construción teórica. Pódese dicir, sen ningunha paixón exaltadora, que o modelo de financiamento autonómico da España actual xa fora, en parte, correctamente exposto por Brañas na súa configuración rexionalista⁶.

A profesionalidade do seu carácter, nunha disciplina allea a el ata aquel entón, e o estudo desta ciencia convertérono nun experto da materia nunha época na que Galicia sufría un absoluto baleiro intelectual nesta orde, publicando varios manuais académicos sobre economía e a facenda pública. Desta etapa son as obras "*Curso de Hacienda Pública General y Española*" (1889, obra que reeditarán dúas veces máis en 1891 e 1896)⁷, "*Historia económica para uso de las cátedras*"⁸ e "*Necesidad de la organización gremial*"⁹, ambas de 1894.

Cómpre sinalar de principio que a súa verdadeira vocación de filósofo político e do Dereito da lugar a que o seu pensamento económico se ache enchoupado dos principios filosóficos que informan toda a súa obra, mesturados ademais con elementos sociolóxicos e xurídicos. Tentaremos, xa que logo, ofrecer unha visión global, inda que poida resultar pouco profunda, da filosofía económica brañiana, sostendo a tese, ó igual que ocorre con outras

4 O Comité Central Rexionalista foi constituído en Compostela no ano 1890 como órgano directivo da Asociación Rexionalista Galega na que se agrupaban rexionalistas das tendencias liberal e conservadora. O Comité tiña encargado o impulso das actividades difusoras destas ideas diferenciais, como a creación de comités locais ou a redacción do seu voceiro *La Patria Gallega*. A convivencia nunha mesma agrupación de dúas faccións antagónicas cun só punto en común, encabezadas por dous carismáticos e irreconciliables personaxes como eran Murguía e Brañas, rematou por sementar a discordia no Comité. Antes deso, a Xunta de Defensa de Galicia nacía, na cidade de A Coruña, como unha mobilización reivindicativa de carácter localista mais enseguida foi utilizada polos rexionalistas composteláns, xa organizados no Comité Central, coma plataforma axeitada para loitar contra o traslado, fora da nosa terra, dalgunhas institucións e, posteriormente, abranguer outro tipo de demandas galeguistas.

5 BRAÑAS MENÉNDEZ, *El Regionalismo. Estudio sociológico, histórico y literario*, Imp. Molinas, Barcelona, 1889. Cómpre sinalar que esta obra foi editada, en parte, grazas ó apoio de Pou y Ordinas, catedrático de Dereito Natural que, segundo veremos máis adiante, servirá de referencia constante a Brañas.

6 Vid. BRAÑAS MENÉNDEZ, *El Regionalismo*, cit. pp. 23 e ss. e 223 e ss.

7 *Curso de Hacienda Pública General y Española*, BRAÑAS MENÉNDEZ, 1ª edición: Imp. Diéguez y Otero, Compostela, 1889; 2ª edición: Imp. Diéguez y Otero, Compostela, 1891; 3ª edición: 2 vols., Imp. Paredes, Compostela, 1896.

8 BRAÑAS MENÉNDEZ, Imp. Paredes, Compostela, 1894.

9 BRAÑAS MENÉNDEZ, Círculo Mercantil, Compostela, 1894.

partes da súa produción científica, de amosar o eclecticismo de este autor tamén en materia económica.

En tanto en Europa trunfaban as teses *smithianas* da economía liberal e de mercado, a pesares da constante oposición dos autores católicos, e a ciencia económica, actuando xa como eido independente, marcaba o devir da modernidade, España, que tempo atrás ocupara un lugar sobranceiro na evolución desta disciplina grazas ó bo facer da Escola de Salamanca e a preocupación introdutoria de Jovellanos e Campomanes, vivía agora unha etapa de empobrecemento creativo neste eido e a maioría dos economistas seguían a pegada do liberalismo francés de Bastiat e a súa teoría da harmonía de intereses¹⁰. Entrementes Galiza, territorio dependente e subordinado ós designios españois, adolecía dunha carencia total de científicos e, o que aínda resulta máis grave, atopábase totalmente illada do progreso económico que estaba a remover a Europa. O escurantismo económico do noso país fixo resaltar a figura de Alfredo Brañas nesta disciplina, un xurista de vocación doutrinaria ó que a economía o ocupou secundariamente e cujos estudos foron, máis ca nada, descritivos e valorativos pero sen facer unha análise económica incisiva, inda que é ben certo que a pesares da súa categoría a nivel estatal pasou practicamente desapercibido dentro desta rama¹¹.

Neste contexto, a peculiaridade de Alfredo Brañas consiste, a través dunha análise valorativa e utilizando o método histórico-institucional, na tentativa constante de introdución, tamén na economía, como xa fixera verbo da ciencia xurídica e da política, dos principios éticos e relixiosos que fundamentaban toda a súa obra. Ésa foi a súa principal teima, crendo nela como se fose un remedio milagreiro do secular atraso da nosa terra, habida conta de que *"a súa emancipación (a da economía) como disciplina científica implicaba a marxinação da relixión e a moral da organización e estudo das relacións de produción"*¹².

10 Claude Frédéric Bastiat, economista, lexislador e escritor foi un firme defensor da propiedade privada, o libre mercado e o goberno limitado. A súa teoría da harmonía de intereses enfatizaba, a grandes riscos, que o libre mercado era inherentemente unha fonte de *harmonía económica* entre os individuos, na medida en que o goberno estivera restrinxido á función de protexer as vidas, liberdades e propiedade dos cidadáns. Bastiat enfatizou a función de planificación-coordinación do libre mercado, un tema principal da Escola Austríaca, porque o seu pensamento estivo influenciado por algúns dos escritos de Adam Smith e polos grandes economistas franceses do libre mercado Jean-Baptiste Say, Francois Quesnay, Destutt de Tracy, Charles Comte, Richard Cantillon e Jacques Turgot. Estes economistas franceses estaban entre os precursores da moderna Escola Austríaca, ó ter desenvolvido con anterioridade conceptos tales como o mercado dinámico, o proceso de competencia, a evolución do libre mercado da moeda, a teoría do valor subxectivo, as leis de diminución da utilidade marxinal e os rendementos marxinais, a teoría da produtividade marxinal dos prezos dos recursos e a futilidade dos controis de prezos en particular e do intervencionismo económico en xeral.

11 Incluso afirma sen complexos OTERO DÍAZ: *"Sen dúbida os dous expoñentes máis ilustres da doutrina económica da segunda metade do século XIX foron dous destacados galegos: Colmeiro e Alfredo Brañas. Colmeiro, de notoria obra científica, logo foi absorbido polos círculos universitarios e burocráticos de Madrid. E Brañas, tamén cunha obra notable, foi menos coñecido fóra de Galicia, a excepción de Cataluña, debido ó silencio a que tradicionalmente estiveron sometidos os intelectuais galegos residentes en Galicia", Brañas un século despois do discurso inaugural do curso 1892-1893 (discurso inaugural lido na solemne apertura do curso académico 1992-1993), Univ. de Compostela 1992, pp. 21 e 22.*

12 MAIZ SUÁREZ, R., *O Rexionalismo galego. Organización e ideoloxía (1886-1907)*, Edicións do Castro, Sada, 1984, p. 339.

Neste orde de cousas, Brañas procura desesperadamente, xunto cos economistas da escola social católica, manter a vinculación que tradicionalmente tivo esta ciencia con respecto á moral e ós valores cristiáns. E así, a súa filosofía económica pódese sistematizar en catro puntos:

- 1.- Unha conduta ortodoxamente católica e o influxo e seguimento dos autores desta corda.
 - 2.- Unha postura antitética e belixerante fronte ó liberalismo e ó socialismo.
 - 3.- A defensa idealista do sistema económico do Antigo Réxime co seu sistema de produción corporativista e gremial.
 - 4.- A crítica ó centralismo económico como consecuencia do ideario político rexionalista¹³.
- Vexamos estes catro puntos separadamente.

Respecto do primeiro punto, cómpre insistir en que todo o seu pensamento se atopa absolutamente condicionado e determinado polo elemento relixioso que é, en Brañas, a pedra angular de calquera elucubración científica e que, ademais, se configura como un catolicismo tradicional e contrarrevolucionario¹⁴. Ningún outro axente ideolóxico posúe tal potestade ordenadora e orientadora da súa problemática integral coma o celme católico da súa existencia¹⁵. Tódolos seus escritos sobre deste tema se dirixen, en primeira ou derradeira instancia, a restaurar os valores católicos dunha ciencia que marcaba a pauta do progreso humano e que, dende mediados do século XVIII, sufría unha evolución inaudita e imparable que a ía despoxando de tódolos elementos alleos a ela, tales como os principios ético-relixiosos, dotándoa dun pragmatismo apriorístico. De tódolos xeitos, as veleidades fideístas de Brañas, propias do tradicionalismo de Lammenais, De Maistre ou De Bonald, quedan clarificadas ante a sistemática aplicación racional no pensamento do compostelán, algo totalmente irreconciliable coas posturas daqueles¹⁶. O mesmo Brañas sepárase claramente, inda que non se coloque no lado oposto, dos presupostos filosóficos do tradicionalismo, por exemplo, cando di: "*por estas y otras muchas razones que pudieran aducirse, se comprende que las doctrinas de la escuela tradicionalista son insuficientes para explicar el principio supremo de los derechos del hombre*"¹⁷. Sexa como fora, parece indubidado que a espiritualidade de celme católico que latea en toda a obra do compostelán é a *alma mater* das súas elucubracións filosóficas, xurídicas e económicas, do seu concepto de Estado e da teoría rexionalista, do Dereito, do sistema socioeconómico e da orde moral. Mesmo utilizando un método racional para a construción teórica, este non se desembaraza, en ningún momento, do seu envoltorio relixioso. Así fala, con moito acerto, Ramón Maiz da "centralidade do elemento relixioso" en

13 A mostra máis nida desta característica é o seu nomeado discurso de apertura do ano académico 1892/93, ob. Cit.

14 Para máis información acerca destas dúas características do catolicismo de BRAÑAS, vid. *O Rexionalismo Galego*, MAIZ, ob. cit., ps. 310-326.

15 MAIZ, ob. cit., p. 314.

16 Explica BRAÑAS: "*Llámanse escuela tradicionalista en general a la que niega por completo a la razón humana la capacidad natural para conocer por sí misma todo género de ideas*", *El principio fundamental del Derecho. Lecciones elementales de la Historia de la Filosofía del Derecho*, imp. Seminario conciliar, Compostela, p. 171.

17 *Ibidem*, p. 174.

Brañas e chega a dicir: "*unha singular presenza de elementos éticos ou relixiosos agroma nos seus sistemas ideolóxicos afectando e interferindo a constitución autónoma das diversas disciplinas científicas por el cultivadas*"¹⁸.

Afondando no influxo dos autores católicos no pensamento do noso protagonista, a maior oposición que sufriron os teóricos da economía capitalista veu da man dos economistas cristiáns agrupados na escola social católica da que xa temos falado. Estes filósofos aunaron cristianismo e preocupación social verbo da situación dunha nova clase que xurdía como froito da evolución económica e da chegada do capitalismo, a clase proletaria, que coa súa importancia cuantitativa removía todo o mapa social de comezos da modernidade. A escola social trataba de dar unha resposta católica os problemas socio-económicos xerados pola revolución industrial, loitando non só contra o inevitable avance das teorías capitalistas, senón tamén contra outras alternativas como o socialismo, o anarquismo ou o comunismo, que resultaban máis perigosos e ameazadores pra o predominio católico que a emerxente economía de mercado. Deles, dos Ketteler, Du Pin, Le Play, De Mun, Villeneuve, Perin, Droz e Herve-Bazin, comporá o noso autor o súa ideoloxía económica como de seguido veremos.

O segundo trazo definitorio da filosofía económica de Alfredo Brañas é compartido cos autores antes referidos. O risco que liberalismo económico entrañaba pra o catolicismo da sociedade provocou unha revisión do consagrado antiliberalismo da Igrexa, xa que a este inconveniente víñaselle a sumar a implantación no mundo obreiro das teses socialistas, co cal a este antimodernismo socioeconómico da filosofía eclesiástica, engadíuselle un antisocialismo inveterado¹⁹.

Para Brañas, o antiliberalismo en xeral, é dicir, no só referido ó terreo económico, é unha consecuencia lóxica da súa afiliación relixiosa. As arelas de liberdade que acompañaron ó despunte da era moderna só trouxeron destrución e caos dende unha perspectiva católica²⁰. O desequilibrio social, a perda da capacidade ordenadora da Igrexa, a falta de espiritualidade humana, o clima de inestabilidade xeneralizado e as continuos conflitos armados teñen como punto de partida a separación entre o home e Deus aguilloados por esas ideas revolucionarias. O liberalismo tamén foi o pai dunha nova concepción económica que participaba dese antropocentrismo libertario e individualista. Segundo Brañas a nova doutrina económica fundaméntase no "*interés personal como único fin económico, el 'laissez faire, laissez passer' como base de la distribución y circulación de las riquezas; en la abolición del régimen corporativo y el aislamiento del patrono y el obrero, abandonados hoy*

18 MAIZ, *O rexionalismo galego*, ob. Cit., p. 335.

19 Esta filosofía da Igrexa quedou dogmáticamente reflectida nas encíclicas papais de PÍO IX e LEÓN XIII, ás que xa nos referimos na segunda parte deste estudo. Estes Papas promoveron e abandeiraron, dende a súa sede, a loita contra o liberalismo en tódalas súas manifestacións: contra o racionalismo no eido filosófico, contra a democracia no eido político e face o capitalismo no terreo económico. Posteriormente, foron tamén os principais valedores antisocialistas.

20 "*El liberalismo es el germen de esa especie de anemia espiritual que padecen hoy las almas cristianas*", BRAÑAS MENÉNDEZ, *Peligros que amenazan a la sociedad en el siglo XX si se aparta del Cristianismo*, Congreso Católico de Burgos, reed. MAIZ, *Alfredo Brañas...*, ob. Cit., p. 270.

a la libre concurrencia y al juego fatal de la oferta y la demanda"²¹, e deriva nun egoísmo práctico que conleva o sometemento do débil polo forte. Entraña xustamente a perda total da espiritualidade humana dado o fin epicureísta que move a estas ideas: o benestar físico do home. No outro extremo, como freo ó individualismo liberal, pero xurdindo tamén do desequilibrio ideolóxico provocado polo desacato revolucionario, apareceu o colectivismo socialista que veu a supoñer "... la abolición de la propiedad, del matrimonio, de las herencias, la igualdad absoluta, el reparto de los bienes, la destrucción del Estado y todas las demás aberraciones del socialismo ateo, racionalista y malvado,..."²², que para o noso autor significan a tiranía do Estado e o despotismo das masas.

As teorías económicas liberais, construídas sobre do pensamento dos clásicos individualistas Smith, Malthus e Ricardo, dan unha viraxe completa á ciencia económica precedente representada por mercantilistas e fisiócratas. Éstes últimos consideraban a materia prima como fonte da riqueza humana, aqueles xulgan ó traballo do home como orixe única da riqueza. Brañas, adopta unha postura intermedia, refutando ámbalas dúas teorías: o traballo, o capital e a terra conforman harmonicamente a esencia da produción e precísanse mutuamente para acadar a prosperidade económica, porque "*Cierto que el trabajo es el espíritu, la esencia de la producción, cierto que es el resorte que mueve todo el orden económico, pero no es menos cierto que si ontológica y lógicamente el trabajo por sí solo no puede producir riqueza, no se le debe considerar ni racional ni prácticamente, como fuente única de las riquezas sociales*"²³. Rebatida a sobredimensión do traballo que cimenta a doutrina individualista, denuncia as súas consecuencias: a emancipación económica do individuo respecto do estado, a promoción da actitude egoísta no home e a consolidación da explotación do rico sobre do pobre, todo elo inspirado na defensa do interese individual, e consecuentemente, a fragmentación social que supón a continua tensión entre patróns e obreiros. Brañas carga contra estas ideas coma a orixe da decadencia decimonónica: "*La crisis económica que experimentan hoy casi todos los Estados del mundo, el perenne atentado del socialismo contra la propiedad y el capital, las maquinaciones ocultas de los nihilistas y anarquistas contra todo lo existente, los crecidos déficit de los presupuestos en unos Estados y la inmoralidad más solemne en otros, tienen su explicación en el triunfo de la Economía Política liberal*"²⁴, e nunha serie de factores que a acompañaron. Ademais, coa implantación xeneralizada destas prácticas "*la Economía política desterraba enteramente la moral, la religión y la política de sus dominios*"²⁵.

As ideas socialistas coallaron cedo entre a clase proletaria dado que nin capitalismo nin catolicismo lles proporcionaban unhas condicións mínimas de subsistencia. A afiliación masiva de obreiros a estas ideas colocaron ó mapa social nun clima de tensión similar á prerevolución do século anterior e desafiaban o poder do capital e da Igrexa. Así as cousas,

21 BRAÑAS MENÉNDEZ, *Historia económica (para uso de las cátedras)*, imprenta Paredes, Compostela 1894, p. 234.

22 Ibidem, p. 245.

23 BRAÑAS MENÉNDEZ, *Historia económica*, ob. cit., p. 227.

24 BRAÑAS MENÉNDEZ, *La crisis económica de la época presente...*, ob. Cit., p. 9

25 Ibidem.

non tardaron en escoitarse voces contra a "perversión" de tales prácticas, ata o punto de que o Vaticano e os seus teóricos converteron ó socialismo no seu inimigo máis inmediato, deixando a verdadeira causa da convulsión social nun segundo plano.²⁶ Todos e cada un dos autores do catolicismo social antes citados, refrendados pola doutrina oficial cristalizada principalmente no *Syllabus*²⁷ primeiro, e na *Rerum Novarum*²⁸ despois, se encargaron de advertir da perniciosidade e perigo das teses socialistas, anarquistas e comunistas²⁹.

Por suposto, o noso protagonista converteuse nun adiantado destas reivindicacións dentro do seu ámbito de acción³⁰. Os seus ataques contra aquelas ideas foron implacables e constantes, "... y como consecuencia funesta de todo ello el socialismo, radical la impiedad del proletariado, y el ensangrentado espectro del anarquismo con sus bombas explosivas y sus puñales envenenados"³¹, ou, relacionando os males capitalista e socialista, "*el liberalismo (económico) ha procreado en sus ciudades y en sus campos las plagas del colectivismo obrero, del socialismo agrario, del anarquismo y de la revolución social*"³².

A principal referencia de Brañas neste punto son as mensaxes de León XIII, mais, como o socialismo naceu xa enfrontado á Igrexa, nunca precisou dun aliciente especial pra condenalo, nin os seus argumentos son tomados de ningún autor en concreto, inda que evidentemente coincide nesta crítica coa escola do catolicismo social, senón que estes son tirados da súa coherencia relixiosa e, posteriormente, perfilados pola doutrina oficial do Vaticano.

O terceiro punto tampouco é unha postura orixinal de Brañas, mais sí que resulta peculiar, polo menos, no contexto español. Estamos a falar da xustificación do sistema económico do Antigo Réxime. Neste caso segue a varios epígonos do catolicismo social, mais non a todos, xa que entre estes hai quen se aferra ó "tradicionalismo económico" e quen procura a rehabilitación cristián xogando coas regras modernas, isto é, aceptando a irreversibilidade da economía de mercado. Botemos, logo, unha ollada ós inspiradores brañiáns.

26 Mesmo as posturas iusfilosóficas máis liberais do contexto español, como foron os pensadores krausistas, buliron en afastarse da órbita socialista, cuia conciencia revolucionaria traspasaba as arelas "simplemente" reformistas daqueles.

27 PÍO IX, en GALINDO, P., *Colección de encíclicas y documentos pontificios. Concilio Vaticano II*, tomo I, 7ª ed., Publicaciones de la Junta Nacional, Madrid, 1967. Tamén noutras encíclicas deste Papa como *Qui Pluribus* ou *Quanta Cura*.

28 LEÓN XIII, en *Colección de encíclicas...*, ob. Cit.

29 O Vaticano non se limitou a difundir as súas orientacións espirituais, senón que tamén se encargou de organizar toda unha infraestrutura de continxencia práctica. Así xurdiron partidos políticos católicos, asociacións profesionais, sindicatos católicos, movementos de acción social e círculos católicos de obreiros. O propio BRAÑAS foi un dos maiores impulsores destas agrupacións católicas por todo o noso territorio xa que "*los Círculos Católicos de Obreros son los únicos llamados a resolver la cuestión social*", *Discurso no Círculo Católico de Obreros de El Ferrol*, reed. MAIZ en *Alfredo Brañas. O ideario do rexionalismo católico-tradicionalista*, ob. Cit., p. 253. Outras destas reunións procatólicas foron as sociedades económicas como a *Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela*, á que BRAÑAS se asociou, e que fomentaban os estudos económicos dende un sentimento relixioso.

30 O círculo de actuación de BRAÑAS foi toda Galiza, mais cómpre lembrar que a súa sona levouno aínda máis alá, actuando como ponente no Congreso Católico de Burgos ó ano anterior o seu pasamento, cun discurso titulado: *Peligros que amenazan a la sociedad en el siglo XX si se aparta del Cristianismo*.

31 BRAÑAS MENÉNDEZ, *Discurso no Círculo Católico de Obreros de El Ferrol*, cit., p. 250.

32 BRAÑAS MENÉNDEZ, *Peligros que amenazan a la sociedad en el siglo XX si se aparta del Cristianismo*, ob. Cit., p. 274.

Entre os máis conservadores atopamos a Du Pin, quen enxerga un sistema corporativo cunha marcada xerarquización e estamentalización social, ó tempo que ataca vehementemente ó réxime parlamentario ó que culpa dos males políticos modernos, e de ser consecuencia e xerme das revolucións que devastan ós estados. O conde De Mun recolleu as formulacións dupinianas proclamando, con evidente reaccionarismo, que a única solución ós conflitos sociais xerados polo liberalismo sería a volta ás institucións do Antigo Réxime. De novo corporativismo, configuración gremial e relacións de subordinación xerarquizadas que evitarían as constantes tensións entre obreiro e patrón. Brañas reproduce na súa filosofía económica a idea deste autor de crear sindicatos gremiais e corporativos que se opoñan ós sindicatos de clase derivados do alento socialista.

Le Play contribúe a este antimodernismo aportando a defensa da Idade Media como exemplo de paz social e de orde social equilibrado. Esta invocación medieval ten como aptitude a forte estamentalización desta época, onde o dominio da Igrexa sobre de cuestións estatais era ostensible, a indiscutible autoridade dos principios morais católicos e a ausencia de conflitos sociais que produciran revolucións. Este idealismo medievalizante fan del un dos principais referentes de Brañas³³. Asemade, encarna unha feroz crítica contra o liberalismo por ser o causante da destrución dos valores familiares tradicionais e patriarcais que cimentaban a harmonía social³⁴. Postula un réxime económico asentado nas pequenas industrias e no artesanado como conservadores da familia e da moralidade, a pesares de recoñecerlle menor capacidade produtiva que as modernas industrias do capital. Como queira que fora, este beneficio económico que devén dunha práctica capitalista configúrase, neste autor, como un factor pernicioso pra a humanidade contrario á virtude e á falla de avaricia que promove a pequena explotación.

En Charles Perin xa se coñece certa anuencia cara a disposición contemporánea. A súa crítica anticapitalista non propón unha alternativa económica anacrónica senón que trata de introducir os principios cristiáns pra lograr unha harmonía social entre traballo e capital. A solución á loita de clases non sería unha recuperación das fórmulas gremiais premodernas senón a volta ós valores puros da caridade e da solidariedade. Pra esto é preciso renunciar ó interese persoal, ó crecemento dos beneficios, ós excesos materiais. Perin basea a harmonía da sociedade na asunción persoal da renuncia e a abnegación á orde material que corrompe a vida espiritual das persoas. Entendida así a dialéctica social, describe ó patrón ideal como aquel que trata ós seus asalariados tal que un bo *paterfamilias* e sostén que o obreiro adecuado é honrado, obediente, traballador e sometido á xerarquía social.

Estas formulacións resultan pouco contundentes pra a magnitude do problema industrial segundo Brañas. Sen embargo, sí comparte a oposición democrática que trouxo

33 Escrebe LE PLAY: "*Se a revolución pretende ter despojado ás clases inferiores da chamada tiranía do antigo réxime (...) esquecen que no antigo réxime cada patrón ía ó combate acompañado dos seus clientes, obreiros e domésticos, mentres que hoxe se atopan enfrentados a el.*", *A reforma social en Francia, deducción da observación comparada dos pobos europeos*, París 1869, p. 11.

34 "*En tempos antigos, despois da loita, na familia e no taller achábanse unha tranquilidade e unha paz recompoñedoras. Hoxe a violencia domiña a casa e o taller*", LE PLAY, *ibidem*.

consigo o debilitamento moral e supuxo un antropocentrismo radical que resultaba incompatible co reinado de Deus, e frecuentemente utiliza os argumentos perineanos pra combater a práctica sufraxista³⁵, así como pra fundamentar o seu carácter rexionalista³⁶.

O bispo Ketteler foi un dos máis nomeados representantes do catolicismo social, mais os seus esforzos de reconciliación social partían tamén da aceptación da situación socioeconómica contemporánea. Incluso se pode atopar nel "*unha excesiva facilidade pra aceptar elementos ideolóxicos provenintes do campo inimigo, nomeadamente a 'lei de ferro dos salarios' formulada por Lasalle*"³⁷. Sen embargo, o seu arraigado clericalismo antiliberal e a súa fonda preocupación pola cuestión social válenlle a alusión de Brañas. Vemos a Ketteler como o máis notorio exemplo de socialcatólico integrado no seu contexto, loitando por mudalo mais partindo dun realismo pragmático que non volvía a mirada a tempos pretéritos senón que aceptaba o progreso e dende dentro del combatía os seus males³⁸.

Alfredo Brañas aferrouse emporiso a un mundo medieval onde reinaba a harmonía de clases e o amor a Deus³⁹. A defensa que fai dese tempo en ocasións se volve ideal e romántica pero o entusiasmo e coherencia das súas afirmacións fan crer ó espectador na posibilidade real de tal anacronía. Dese equilibrio social asentado nunha forte estamentalización, con claro dominio eclesial, que afogaba a calquera conflito de clase emerxe un sistema económico onde os gremios, configurados como os institutos sociais básicos, e as corporacións controlan as producións, onde todas as relacións laborais se achan predeterminadas e rexidas pola subordinación e a dependencia persoal propia do feudalismo, onde a xerarquía establece unhas regras inflexibles para a mellora de posición. Do citado Le Play tomará todos estes elementos máis a postulación da pequena industria artesanal e manual de menores beneficios materiais fronte a gran empresa capitalista con fortes vantaxes económicas mais sen ningunha observancia espiritual. Así escribe Brañas: "*... el día en que a la producción desordenada y a la intemperancia de la concurrencia absoluta o libre concurrencia, madre natural del monopolio, sucediese la producción ordenada, el trabajo lento y la dirección gremial, (...) el día en que se templasen los ardores de la especulación y del negocio con el*

35 Así por exemplo, BRAÑAS, citando o libro de PERIN: *Lois de la société chretienne*, sostén que os defensores do self-government cometeron dous erros: crear asembleas representativas que se converteron nas directoras absolutas do destino dos países e considerar a igualdade como principio absoluto ignorando as diferenzas derivadas da aptitude, dignidade e importancia social. En *El Regionalismo*, ob. cit., p. 79.

36 Volve BRAÑAS a citar a PERIN: "*En el curso de las edades la constitución de los grupos sociales y la forma de sus relaciones con el conjunto de la sociedad pueden cambiar, pero no se podría admitir en ningún estado de civilización, que los mismos grupos sociales deban desaparecer y fundirse en la unidad absoluta de la nación*". Ibidem, p. 82.

37 MAIZ, *O rexionalismo galego*, ob. cit., p. 320.

38 O seu realismo e a súa vontade de mudar as cousas levárono a crear e dirixir el mesmo varias cooperativas de traballadores dominadas polo espírito cristián.

39 Cómpre sinalar que a evocación da Idade Media é outro dos elementos centrais do pensamento de BRAÑAS, é dicir, está presente en tódolos ámbitos da súa creación: en materia política reivindicando a monarquía tradicional do feudalismo, en relixión reclamando a antiga autoridade do clero, socialmente loitando por unha orde estamental e xeraquizada e no ámbito económico defendendo a produción gremial e corporativa. Esta saudade de tempos pasados conforma ademais o celme do elemento mitolóxico que posúe todo movemento político diferencial. Tal época supuña fe fronte a razón, xerarquía e estamentalización fronte a liberdade e igualdade, poder e administración local fronte a burocracia centralista. Vid. MAIZ, *O Rexionalismo Galego*, ob. Cit., ps. 327-331.

*febrífugo de la caridad cristiana, entonces estamos seguros de que renacería en antiguo espíritu corporativo, reformando la sociedad y pacificando el mundo*⁴⁰.

Así visto, o réxime da vella orde resolve os males do capitalismo, devolve a situación a súa orde natural e propaga a virtude da caridade cristián. Brañas describe perfectamente os estragos da economía individualista cos seus monopolios, as plusvalías, as disputas entre capital e traballo e a ditadura da oferta e a demanda, un sistema que *"elevó a dogma de fe el principio del individualismo económico, poniendo frente a frente al capital y al trabajo, el rico y el pobre, el maestro y el aprendiz, (...) el patrono y el obrero, antes ligados por lazos religiosos, económicos y jurídicos, son ahora dos fuerzas aisladas en virtud de las conquistas de la democracia moderna"*⁴¹. A iso oponse os gremios de artesáns e as corporacións de oficios, a reordenación gremial das relacións de produción, a volta, en definitiva, á feliz e tranquila arcadia. Como toda a súa obra, esta alusión pasadista supón unha visión total e globalizante de xeito tal que a recuperación da organización económica gremial é tan só unha parte desa soñada reinstauración do antigo réxime en tódolos ámbitos da sociedade.

Agora ben, a mestura desta visión idealizada da Idade Media cos seus postulados rexionalistas e, xa que logo, anticentralistas, dotan a esta evocación de tempos pretéritos dunha privacidade non acollida dos autores do catolicismo social. Para el, o capitalismo foi un caldo de cultivo para as teses centralistas e unitarias, *"grande industria, mercado libre de fuerza de trabajo, relación externa capital-traballo... son para el otras tantas formas de centralismo resultante (...) de masificacións sen conto e de perda das esencias tradicionais"*⁴², en tanto a etapa premoderna foi propicia para as liberdades locais, o mantemento das tradicións autóctonas e o desenvolvemento da familia tradicional. Entramos xa no cuarto risco distintivo da filosofía económica de Brañas.

En principio non resultaba moi aparatoso aunar a defensa dun réxime precapitalista e dunhas medidas descentralizadoras para Galiza nun tempo en que a nosa terra carecía de vida industrial e mantiñase dunha economía de subsistencia. Cunha situación de predominio agrícola onde o escaso comercio e artesanía se amoreaba nas cidades e adolecendo dunha marxinação periférica, a repercusión da revolución industrial comezouse a sentir xa ó final da vida do noso autor co cal, a xustificación do réxime económico medieval non chamaba excesivamente a atención⁴³. Así e todo, a repetición deste réxime conservador e cheo de privilexios non excluía unha loita por mellorar a postergación económica galega debida, segundo Brañas, á especial situación na que colocara a Galiza a administración centralista. A pesares do complicado da empresa, a súa percepción *"é unha visión total, positiva e*

40 BRAÑAS, *Historia Económica*, ob. Cit., p. 154.

41 BRAÑAS, *La crisis económica en la época presente y la descentralización regional*, ob. Cit., p. 86.

42 MAIZ, *Alfredo Brañas*, ob. Cit., p. 101. Non erraba moito o ilustre rexionalista, xa que as ideas liberais da revolución burguesa trouxeron consigo tamén a consolidación de estados fortemente centralizados en contraposición coa época medieval na que os reis eran *primus inter pares* respecto dos condes e o poder se desenvolvía en áreas locais.

43 *"Galicia es esencialmente agrícola: la industria fabril y el comercio no tienen vida propia; el movimiento vertiginoso de las fábricas, el humo espeso de las fundaciones, el rodar incesante de los vehículos, no constituye la fisonomía social de nuestra tierra"*, BRAÑAS, "Memoria acerca de las pequeñas industrias que conviene establecer en la provincia de Pontevedra", *Revista GALICIA*, N° 2 e 3, A Coruña 1889.

esperanzadora, unha visión globalizadora dos problemas da Galicia do seu tempo"⁴⁴. É máis o seu indubidado carácter tradicionalista e ultraconservador convive cun "*espírito reformista como criterio para o fomento do progreso económico e social*"⁴⁵.

As demandas económicas descentralizadoras de Brañas son inherentes a súa teoría rexionalista, isto é, a pelexa face do centralismo político, social e mesmo relixioso do estado español supuña, dende logo, o degoiro pola autonomía económica. Para o noso autor, a crise económica galega e española estaba intimamente ligada ó centralismo económico español⁴⁶, e este era produto: primeiro, dun centralismo político que foi implantado co nacemento dos estados modernos en base ás premisas liberais, e segundo, dun centralismo financeiro produto da chegada do capitalismo⁴⁷. Visto deste xeito, o seu pensamento adquiriría unha coherencia plena neste punto porque a tan anhelada vella orde, recompoñedora dos valores tradicionais en materia social, económica e relixiosa, servía tamén de argumento para demandar unha descentralización económica. Con ela voltarían as liberdades locais e o espírito rexional, o poder de decisión económica das corporacións e dos gremios non estaría orquestrado dende Madrid. Así afirma drasticamente: "*... los males que sufre Galicia provienen, como en las demás regiones, de la ciega subordinación al poder central, de la falta de libertades locales, y de la explotación de las fuerzas productoras regionales por los parásitos de la burocracia parlamentaria*"⁴⁸.

A descentralización económica principiaría nunha desconcentración organizativa e administrativa e, xa que logo, sería unha consecuencia da descentralización política. Ao mesmo tempo, cumpriría retomar a pequena industria artesanal e a unidade de traballo familiar que se opón á homoxeneidade e concentración da gran industria. Todo isto xearía tamén unha descentralidade financeira. Sobre deste particular, Brañas configura no seu ensaio *El Regionalismo*, a organización administrativa dunha eventual facenda pública rexional⁴⁹. En todo caso, como catedrático da materia fiscal realiza un estudio máis incisivo que na orde económica xeral destacando a importancia que ten a facenda dentro dun réxime económico descentralizado⁵⁰.

Así pois xa temos definido as catro características fundamentais da filosofía económica de Alfredo Brañas. Cómpre subliñar agora a aplicación metodolóxica das súas teorías. Como historicista, considera que a Economía forma parte da Historia xeral, de xeito tal que os fenómenos económicos se atopan indefectiblemente unidos cos acontecementos

44 OTERO DÍAZ, *Brañas un século despois do discurso inaugural...*, ob. Cit., p. 16.

45 *Ibidem*.

46 "*Ese antagonismo económico y social es un vicio de organización que puede llegar a corregirse...*", BRAÑAS, *El Regionalismo*, ob. Cit., p. 108.

47 No seu discurso *La crisis económica de la época presente...*, ob. Cit., BRAÑAS tenta amosar como todas as crises económicas habidas en Europa se achán directamente relacionadas coa introdución do sistema capitalista e cos modelos de centralización que o acompañan.

48 BRAÑAS, *La crisis económica...*, ob. Cit., p. 68.

49 *El Regionalismo*, ob. Cit., ps 102 a 104.

50 Para un análise máis pormenorizado desta faceta de BRAÑAS vid. OTERO DÍAZ, *Brañas un século despois...*, ob. Cit., ps. 30 a 50; e MAIZ, *O Rexionalismo Galego...*, ob. Cit., ps. 386 e 387.

políticos e sociais, sen que sexa posible un estudio dos efectos da economía sen unha análise relacionada co contexto sociopolítico que envolve a tales feitos⁵¹. Combina á perfección o elemento histórico co método racional, desmarcándose así do historicismo savigniano idealista e antirracional. A utilización da razón, ó estilo tomista, exerce como instrumento revelador dos principios eternos mais, nunha nova mestura de elementos heteroxéneos, Brañas engade a súa investigación actitudes románticas.

Realiza a análise da economía política a través do método histórico-institucional herdado da Escola histórica do Dereito e, así, o estudo desta disciplina preséntase como a investigación dos institutos económicos ó longo da historia⁵². Di Otero Díaz: "*Brañas ten unha concepción evolucionista do proceso histórico común a ilustrados e historicistas*"⁵³.

Concluindo, podemos dicir que, tamén en materia económica, Brañas é un pensador ecléctico⁵⁴ cunha finalidade moi nidia: extraer a Galiza da postración económica na que se atopa. Partindo dese obxectivo, vemos nel un economista de corte clásico, crítico con fisiócratas e liberais mais aceptando parte das súas premisas para conformar un sistema propio e adecuado as súas arelas de reimplantación relixiosa e autonomía política para Galiza.

Con respecto á doutrina fisiocrática, que tiña como celme ideolóxico o ideario ilustrado, o noso autor coincide con eles na existencia dun conxunto de Leis naturais extraídas empírica e racionalmente da mesma natureza, nas que se basearía a organización económica da humanidade. A actividade do home debe consistir en adecuar o seu comportamento e a regulación que del se faga á orde natural. Brañas proclama as bondades dos principios da fisiocracia cando explica que a prosperidade económica dun país conqúeríuse "*... gracias a la libertad de los campos, a la facilidad de asociarse, a la sobriedad de las cargas tributarias y a tantas otras causas...*"⁵⁵. Herda deles un pragmatismo que antepón os intereses do pobo e da terra por enriba da liberdade, moi ó xeito do despotismo ilustrado, aplicado á transformación substancial do ámbito económico galego⁵⁶.

Da economía liberal clásica dos Smith, Malthus e Ricardo, adopta o antiintervencionismo estatal que permita o desenvolvemento natural da economía, mais no seu caso a non intervención ten un senso diferente, xa que entrementes para os liberais esta debe servir á espontaneidade das relacións económicas, para Brañas, a intromisión estatal débese evitar

51 BRAÑAS define a Historia Económica como a "*narración ordenada del origen y desenvolvimiento de las teorías económicas considerados en sus relaciones con las instituciones sociales*", *Historia Económica*, ob. Cit., p. 7.

52 "*Como BENITO VICETTO, ve na evolución histórica unha dinámica para perfecciona-lo antigo...*", OTERO DÍAZ, *Brañas un século despois do discurso...*, ob. Cit., p. 17.

53 *Ibidem*, p. 18

54 Neste senso tamén se pronuncia OTERO DÍAZ: "*A súa posición persoal no espectro das doutrinas económicas que relaciona na súa obra é abstracta e ecléctica*", *ibidem*, p. 30.

55 BRAÑAS MENÉNDEZ, *La crisis económica en la época presente...*, ob. Cit., p. 70.

56 "*Así pois, tanto en Brañas coma nos Ilustrados un século antes, atopamos programas de reforma da estrutura agraria, liberando as terras das trabas xurídicas e sociais que obstaculizan a súa explotación; programas máis ou menos modernos de desenvolvemento industrial, particularmente de pequenas industrias, gandería, agricultura e pesca; proxectos de comunicación interna de Galicia e tamén proxectos de comunicación de Galicia co exterior*", OTERO DÍAZ, *Brañas un século despois...*, ob. Cit., p. 13 e 14.

para non producir a alteración da orde natural. No seu discurso anuncia incisivamente: "*Nosotros entendemos que la intervención del Estado es un elemento de perturbación y desorden*"⁵⁷.

De tódolos xeitos e apesares de aceptar ideas de fisiócratas e liberais (clásicos), a súa teima medievalizante, a súa dirección relixiosa, a súa vasalaxe á causa galega e a súa preferencia pola escola do catolicismo social, distancia moito ó noso autor daquelas teorías e o converten nun economista absolutamente orixinal.

Podemos dicir, a xeito de corolario, que o carácter compoñedor e sincretista de Alfredo Brañas en canto a autor, diríxeo á formación dunha teoría económica acorde co seu enxergamento político, filosófico e xurídico. Para elo, adquire fundamentalmente propostas da Escola do catolicismo social onde conviven autores católicos que defenden, uns unha volta ás estruturas económicas precapitalistas, e outros unha reorganización socioeconómica dende a aceptación da irreversibilidade do proceso industrializador. Bañas seguirá principalmente ós primeiros, o cal supón un carácter reaccionario, absolutamente antiliberal e marcadamente antisocialista. Sen embargo, o aspecto máis técnico da súa teoría, participa de elementos dos economistas fisiocráticos e mesmo da economía liberal clásica contra a que tanto loitou como promotora do capitalismo.

57 BRAÑAS MENÉNDEZ, *La crisis económica en la época presente...*, ob. Cit., p. 107.